

## Comité Consultivo da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC

### Contexto

A Facultade de Ciencias da Comunicación da USC botou a andar no curso 1991-1992 impartindo a Licenciatura en Xornalismo. Desde aquela, implementáronse as titulacións ata os actuais Grao en Xornalismo (2ª edición), Grao en Comunicación Audiovisual (2ª edición), Dobre Grao en Xornalismo e Comunicación Audiovisual (2ª edición), Máster en Xornalismo e Comunicación Multimedia: Novas Tendencias en Producción, Xestión e Difusión do Coñemento, e o Doutoramento en Comunicación e Información Contemporánea. Todas estas titulacións completan o ciclo formativo no ensino superior de Galicia nas disciplinas do xornalismo e da comunicación nos últimos 30 anos.



**PROGRAMA  
FIDES – AUDIT**

A Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), certifica que o Sistema de Garantía de Calidade do centro:

**FACULTADE DE CIENCIAS DA COMUNICACIÓN**

**UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE  
COMPOSTELA**

Está implantado conforme ás directrices establecidas no Programa FIDES – AUDIT.



**CERTIFICADO Nº 01/19**

Data de emisión: 30/07/2019  
Data de revisión: 30/07/2022  
Validez ata: 30/07/2024



José Eduardo López Pereira  
Directór da ACSUG





Desde aquela, a Facultade de Ciencias da Comunicación da USC foi adaptando progresivamente os seus planos de estudo, e na actualidade afronta unha nova revisión co fin de adaptarse ás constantes innovacións tecnolóxicas reforzando, ao mesmo tempo, os conceptos básicos e referenciais da comunicación e do xornalismo. Polo tanto, o Centro ten como finalidade principal garantir a calidade de todas as titulacións mediante a actualización constante da oferta académica e mellora dos programas formativos que, ademais, den resposta ás demandas de excelencia da contorna económica e social.

No ano 2019, a Facultade consegue a acreditación institucional do seu Sistema de Garantía de Calidade, vixente ata o ano 2024 en que deberá ser revalidada. Toda a información sobre Calidade desta Facultade pode consultarse na web do Centro.

## Funcións

O Comité Consultivo da Facultade pretende reforzar as conexións deste centro co tecido empresarial da información e da comunicación en Galicia. Trátase dun órgano contemplado no Sistema de Garantía de Calidade da Universidade e vencellado á política e aos obxectivos de calidade da Facultade. Ten como principal finalidade aconsellar ao equipo de dirección do centro sobre actividades profesionais, de negocio ou interese social. Entre as funcións deste Comité contéplanse: debater tendencias e cambios sociais de interese para a actividade docente e investigadora, compartir experiencias que axuden a mellorar a calidade da docencia e da investigación, reforzar a conexión e as relacións entre a Universidade e a empresa, e canalizar información á sociedade para incrementar a proxección da Universidade na súa contorna. O mesmo marco normativo contempla que este Comité Consultivo reunirse, como mínimo, unha vez ao ano e que, co obxecto de facilitar a recollida de información para as consultas necesarias, poderanse artellar mecanismos alternativos á reunión presencial que permitan a participación dos seus integrantes (solicitud de informes, enquisas, xuntanzas telemáticas e/ou híbridas, etc.). O principal obxectivo é seguir afrontando os desafíos dunha sociedade da información e da comunicación en permanente cambio, para o que se precisa unha formación de calidade.



## Composición

### En representación do sector:

- Academia Galega do Audiovisual (AGA): D. Álvaro Pérez Becerra (presidente)
- AGAPI: D. Daniel Núñez Lázare (por delegación da xerente Dna. Uxía Caride)
- Clúster Audiovisual Galego: D. Gaspar Broullón (vicepresidente e responsable da Área de Formación)
- Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG): D. Xaime Leiro (vogal)
- CRTVG: D. Xaime Arias Rodríguez (director de Proxección Social, por delegación do director xeral D. Alfonso Sánchez Izquierdo)
- El Correo Gallego: D. Xaime Leiro (director)
- La Voz de Galicia: D. Xosé Luis Vilela (director)
- Radio Galicia-Cadena SER: D. Mario Moreno Gil (director rexional e delegado de PRISA en Galicia)
- Sermos Galicia/Nós Diario: D<sup>a</sup>. María Obelleiro (directora)

### En representación da USC e da Facultade:

- Director do Gabinete do Reitor e do Gabinete de Comunicación da USC: D. Carlos Toural Bran
- Equipo decanal: D<sup>a</sup>. Ana Isabel Rodríguez (decana), D<sup>a</sup>. Antía López (vicedecana de Calidade), D<sup>a</sup>. Alba Silva (vicedecana de Estudantes, Comunicación e Comunidade) e D. Jorge Vázquez Herrero (secretario)
- Coordinador do Grao en Xornalismo e do Grupo Novos Medios: D. Xosé López García
- Coordinador do Grao en Comunicación Audiovisual e Dobre Grao en Xornalismo e CAV, e do Grupo Estudos Audiovisuais (GEA): D. Enrique Castelló Mayo
- Coordinadora do Máster en Xornalismo e Comunicación Multimedia: D<sup>a</sup>. Berta García Orosa
- Director do Departamento de Ciencias da Comunicación: D. José Soengas Pérez

O acto de constitución tivo lugar na Facultade de Ciencias da Comunicación o xoves 22 de xuño de 2023, ás 11:00 horas.



Facultade de Ciencias da Comunicación (USC)

SALA DE XUNTAS 22 | 06 | 23 - 11:00H

## Comité Consultivo

Academia Galega do Audiovisual (AGA)  
Clúster Audiovisual Galego  
Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG)  
AGAPI  
CRTVG  
La Voz de Galicia  
Radio Galicia-Cadena SER  
El Correo Gallego  
Sermos Galicia/Nós Diario